

BÁLSAMO DE NADAL

Nestes tempos trepidantes, de rutinas absorbentes, de fondas confusíons, sen tempo para a reflexión, nesta vida angustiosa na que ficamos sen folgos entre tantas miserias què nos feren, cumpriría un tempo perenne de Nadal pero daríamonos por contentos se alomenos estas datas fosen un bálsamo para os nosos pesadelos.

Eu quixera regresar á pureza da neve da infancia, cando áinda os soños candorosos envolvían a ilusión.

Lévame Nadal desde a fermosura deste alto mar a terra adentro, abéirame na Chaira ancestral e amósame outra vez o milagre da Vida nun portal de Begonte onde dende hai vintecinco anos alumea a Estrela grande de prata.

Constúeme Nadal a casa de pedra e madeira no centro da aldea (agora pedra branda mallada polas ondas e o salitre do mar, como di o crego D. Xesús, alento deste misterio natural e de madeira nobre dos nosos bosques sagrados).

Tráenos Nadal unha vaga de amor que nos percorra o corpo enteiro, acenda na nosa alma a luz branca dos sentimentos e deite un fío de tenrura que nos mude o xesto e devolva o brillo á mirada restaurando a paisaxe interior nun tempo que ole a incenso, que ole a perdón.

Levarei comigo a primeira camelia do inverno que abrollou no paraíso desta beiramar e atravesarei a serra na noite de lúa fría polo carreiro dos vagalumes entre lindeiros de acivro encarnado.

Quixería, por uns días, ser mago capaz de rescatar, cun veo, a Estrela do asedio da néboa, trocalo nun chafariz que nun voo infinito semente a esperanza no azul do ceo ecoando un doce salmo que abra as fiestras e faga vibrar de Paz ó mundo, nun tempo de aguinaldo.

Repousa Nadal na aldea das pequenas cousas que converten ós homes en persoas e acariña coas túas mans xenerosas o rostro dorido da terra.

Ven Nadal coa Verdade na Palabra, instálate nos nosos corazóns e fai que sempre viva o neno que todos levamos dentro.